



R alíase con S2 Grupo para ampliar os servizos de ciberseguridade ás súas empresas clientas

Ambas as compañías selaron unha alianza que permitirá a R ampliar os seus servizos de ciberseguridade ás súas empresas clientas, e a S2 Grupo continuar a súa expansión na zona norte de España.

Luns, 28 de marzo de 2022.- A empresa de ciberseguridade S2 Grupo e R asinaron unha alianza estratéxica pola que o operador de telecomunicacións líder en Galicia ampliará os servizos de ciberseguridade que ofrece ás súas empresas clientas. Pola súa banda, S2 Grupo, compañía referente no seu sector a nivel europeo, converterase no provedor principal para os proxectos e servizos de ciberseguridade de R.

Neste sentido, a actividade de S2 Grupo está centrada en tres grandes liñas: **proxectos de auditoría e consultoría** (para avaliar a ciberseguridade dos/as clientes/as e deseñar sistemas de protección específicos para os seus negocios), **desenvolvemento de produtos propios** (destinados a incrementar as capacidades de protección, detección e resposta en materia de ciberseguridade), e **prestación de servizos de xestión continuada da ciberseguridade** e explotación de sistemas de misión crítica dende centros específicos 24x7 deseñados para tal fin.

O acordo entre ambas as compañías supón xuntar a experiencia e habilidades de cada empresa nos seus respectivos sectores, o que lles permitirá a R, e ás compañías que integran o Grupo MASMOVIL, incrementar o seu catálogo de produtos e servizos dirixidos ás súas empresas clientas. Pola súa banda, S2 Grupo reforzará a súa aposta pola súa presenza na zona norte, onde abriu a súa primeira delegación en 2021.

“É de enorme valor esta alianza con R e Grupo MASMOVIL porque permitirá sumar aos seus servizos de internet e telefonía as nosas solucións pioneiras de ciberseguridade. Vivimos nun contexto no que non se poden concibir as telecomunicacións separadas da ciberseguridade e este é un gran paso nese ámbito. Desta forma, os/as futuros/as clientes/as experimentarán un salto cualitativo na ciberprotección das súas organizacións ou dos seus fogares”, declarou Íñigo Bueno, delegado de S2 Grupo no País Vasco.

“O propósito de S2 Grupo é a anticipación dun mundo ciberseguro a través dos nosos servizos de protección, detección e resposta ante ciberameazas e ciberincidentes. Necesitamos adiantarnos á acción da ciberdelincuencia e esta unión con R e Grupo MASMOVIL é un gran paso neste camiño, posto que permitirá achegar a ciberseguridade a todos os seus clientes”, declarou Rafael Rosell, director Comercial Global da compañía.

José Manuel González, responsable de Produto Cloud e Ciberseguridade de R e do Grupo MASMOVIL, declarou que *“aínda que a nosa oferta actual de servizos facilita moito os proxectos de dixitalización das empresas, somos conscientes de que este camiño implica un incremento das potenciais ameazas. Os ciberataques lles afectan a todo tipo de empresas, aínda que as pemes son as máis vulnerables porque adoitan estar máis desprotexidas e, polo tanto, os seus datos e aplicativos están máis expostos ás ameazas e roubos. A maioría das empresas non poden permitir grandes investimentos, pero é fundamental contar cunha estratexia en ciberseguridade que lle atenda á totalidade dos procesos da organización. A grande experiencia de S2 Grupo permitiranos analizar cada caso, e deseñar e ofrecer plans a medida que cubran esas necesidades. Podemos dicir abertamente que a ciberseguridade non é un luxo, senón unha necesidade que evitará males maiores”.*

Acerca de S2 Grupo

S2 Grupo é unha empresa especializada no desenvolvemento e prestación de produtos e servizos relacionados coa ciberseguridade e xestión de sistemas críticos. O seu obxectivo é garantir os procesos e protexer o activo máis valioso de empresas e organismos públicos: a información.

A empresa pechou 2020 cunha facturación de 19,5 millóns de euros, o que supuxo un crecemento de máis do 12 % con respecto ao ano anterior, e un cadro de persoal de 414 empregados. Dende a súa creación en 1999, S2 Grupo converteuse nunha compañía referente no contexto da seguridade a escala internacional. Entre as súas clientas destacan compañías líderes dos sectores de Distribución, Enerxía, Banca e Seguros, Sanidade, Industria e organismos da Administración Pública. A compañía ten a súa sede en Madrid e o seu Centro de Servizos 24x7 atópase en Valencia. Ademais, conta con oficinas en Barcelona, Donostia, Bruxelas, Lisboa, Bogotá, Santiago de Chile e México DF.

Acerca de R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. Xunto ás marcas Euskaltel no País Vasco e Telecable en Asturias, dende agosto de 2021 R forma parte do Grupo MASMOVIL, o que deu lugar a un grupo con preto de 14,3 M de liñas -11,3 M de clientes de móbil, máis de 3 M de clientes de banda larga-, uns ingresos estimados de aproximadamente 3.000 M€, cun EBITDA de máis de 1.000 M€, 26,5 M de fogares conectados con fibra óptica, e preto de 2.000 empregados, con forte presenza en todo o territorio nacional.

R, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. O operador galego, que na actualidade presta servizo a ao redor de 260.000 clientes/as entre residenciais e empresas, atópase en pleno proceso de modernización da súa infraestrutura. Todos/as os/as seus/súas clientes/as disporán este ano da rede de fibra e 5G máis rápida e moderna de España, con posibles accesos de ata 10 xigas simétricos, para situar Galicia entre as rexións máis avanzadas de Europa en tecnoloxía e infraestruturas de telecomunicacións. (R.gal).

comunicación R

prensa@mun-do-r.net

R.gal

